

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 06 DE XUÑO DE 2022

### **1. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2022/00029023M.**

#### **Aprobación das actas de sesións anteriores.**

Apróbanse as actas correspondentes á sesión ordinaria do 23 de maio, á sesión extraordinaria do 25 de maio e á sesión ordinaria do 30 de maio, todas elas do ano 2022.

### **2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00048719V.**

#### **Licenza para a reforma integral dun edificio para construción de dúas vivendas coa demolición da edificación existente na Avda Rosalía de Castro, 102 .**

Acórdase conceder licenza para realizar , segundo os informes que constan no expediente, cun orzamento de execución material de 300.000,00 euros e conforme o proxecto básico e de execución con selo de visado do 30/03/2022, a reforma integral dun edificio para construción de dúas vivendas coa demolición da edificación existente na Avda Rosalía de Castro, 102 Santiago de Compostela ( A Coruña).

### **3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00003185K.**

#### **Licenza para a rehabilitación de vivenda sita en R.Carreira do Conde, 6 2º.**

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente, cun orzamento de execución material de 40.425,70 euros e conforme o proxecto Básico e de execución de data de visado do 18/03/2022 a rehabilitación de vivenda situada na Rúa Carreira do Conde 6 2º Santiago de Compostela ( A Coruña).

### **4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00016420Y.**

#### **Licenza para a reforma módulo da Facultade de Ciencias da Educación para aloxar a Unidade de Xestión do Centro de Departamento na R. José María Suárez Núñez, 9.**

Acórdase conceder á USC licenza para realizar , segundo os informes que constan no expediente, cun orzamento de execución material de 303.499,01 euros e conforme o proxecto básico e de execución presentado o 30/03/2022 e a documentación achegada o 28/04/2022, a reforma do módulo da Facultade de Ciencias da Educación para aloxar a unidade de xestión de Centro de Departamento (UXCD) situado na Rúa de José María Suárez Núñez nº 9 Santiago de Compostela ( A Coruña).

### **5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00009139H.**

#### **Aceptar cesión de viario e licenza para o proxecto básico de construción de vivenda unifamiliar en LG Pardiñas.**

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escrituras públicas de data 20/04/2022 e do 05/05/2022 , outorgada ante Notario co número de protocolo 852 e 984 .

Segundo.- Conceder licenza para o proxecto básico presentado o 23/02/2022 e a documentación achegada o 21/04/2022 e o 06,12 e 27/05/2022, cun orzamento de execución material de 167.722,69 €. O proxecto básico refírese á construción dunha vivenda unifamiliar na finca situada no Lg Pardiñas Polígono 509 Parcela 10038 Agraña Santiago de Compostela (A Coruña).  
Advirteselle o interesado que non poderá iniciar as obras ata que sexa informado favorablemente e se autorize expresamente o Proxecto de Execución que desenvolva o Proxecto Básico aprobado.

#### **6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00005708Z.**

**Licenza para a reforma local en planta baixa para uso de vivenda na Rúa Olvido, 3 e autorizar a excepcionalidade do cumprimento de habitabilidade Decreto 29/2010.**

Acórdase:

Primeiro.-Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente, cun orzamento de execución material de 53.127,36 euros e conforme o Proxecto básico e de Execución de data de visado do 22/04/2022, a reforma de local en planta baixa para o uso de vivenda na Rúa do Olvido 3 Santiago de Compostela (A Coruña).

Segundo: Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, de conformidade co informe do arquitecto municipal de data 26/05/2022 solicitada para a reforma de local en planta baixa para o uso de vivenda na Rúa do Olvido 3 Santiago de Compostela ( A Coruña).

Terceiro: Remitir copia da presente resolución á Dirección xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, xunto con copia da solicitude de excepcionalidade e a documentación que achega.

#### **7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00000731L.**

**Reparación de cuberta de edificio de vivendas na Rúa Preguntoiro, 28.**

Acórdase conceder á Comunidade de Propietarios Preguntoiro 28 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente, cun orzamento de execución material de 27.937,00 euros e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 29/12/2021, a reparación de cuberta de edificio de vivendas situado na Rúa Preguntoiro, 28 Santiago de Compostela (A Coruña).

#### **8. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00051666C.**

**Licenza para a conservación da cuberta da igrexa do Convento de San Francisco no Campiño de San Francisco.**

Acórdase conceder ao Convento de San Francisco licenza para realizar , segundo os informes que constan no expediente, cun orzamento de execución material de 368.378,70 euros e conforme o Proxecto da Oficina Técnica do Consorcio de presentado o 16/11/2021, obras de conservación da cuberta da igrexa do Convento de San Francisco situada no Campiño de San Francisco Santiago de Compostela (A Coruña), sempre que se empreguen materiais e técnicas que garantan a conservación dos valores orixinais do ben.

#### **9. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: LAP/582/2019.**

**Modificación de licenza de obra nova para hostel na Rúa Vite de Abaixo, 41.**

Acórdase CONCEDER a LAR STELLAE INVERSIONES, S.L licenza de obras para construción de edificación destinada a HOSTAL na RÚA VITE DE ABAIXO, segundo Proxecto técnico modificado, co visado colexial de data 20/12/2021, cun orzamento de execución material de 275.096,75 €

Trátase de obra de construción de edificación de dous plantas destinada a hostel, ocupación en planta de 202,22 m<sup>2</sup>, edificabilidade de 372,25 m<sup>2</sup> e altura de 6,50 metros.

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa *Ordenanza 11* de núcleos tradicionais incorporados ao solo urbano.

**10. PLANEAMENTO. Referencia: 2021/00046533Q.**

**Aprobación inicial do Plan especial director de ordenación e rehabilitación do Camiño Francés de Santiago (PE-3).**

Acórdase:

Primeiro. Aprobar inicialmente o Plan especial director de ordenación e rehabilitación do Camiño Francés de Santiago (PE-3), presentado polo Consorcio de Santiago con data 31 de maio de 2022, coa seguinte modificación:

*-“No núcleo de San Paio, afectado pola pegada sonora do Aeroporto, non poderán autorizarse novos usos sanitarios que inclúan aloxamento de enfermos, agás informe favorable da Dirección xeral de Aviación civil”.*

Este parágrafo incluírase no texto reformado da ordenanza RT que se presente para aprobación provisional.

Segundo. Someter o Plan especial ao trámite de información pública durante o prazo de DOUS MESES, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior circulación na provincia.

Simultaneamente, practicarase notificación persoal aos propietarios das parcelas afectadas, segundo figuren no Catastro. Durante o trámite de información pública solicitaranse os informes sectoriais preceptivos

Por aplicación do disposto nos artigos 47.2 da Lei 2/2016 do solo de Galicia e 86 do seu Regulamento, o acordo de aprobación inicial determina a suspensión do outorgamento de licenzas de edificación, parcelación e derruba no ámbito do Plan especial durante o prazo máximo de DOUS ANOS.

A suspensión afecta tamén ás seguintes actividades:

- A implantación de usos ou actividades non permitidas polo plan especial.
- As obras de reforma que sexan incompatibles coa normativa do plan especial, agás as de mera conservación e mantemento do uso preexistente.
- A autorización de usos e obras provisionais en solo urbanizable que non teñan aprobado definitivamente a súa ordenación detallada, agás xustificación da necesidade da súa implantación e informe favorable da Comisión Asesora.

**11. INFORMÁTICA. Referencia: ACUNTIA, .**

**Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura emitida por ACUNTIA S.A. en concepto de servizo de operación e mantemento da rede de datos do Concello de Santiago correspondente ao mes de xaneiro 2022.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, disponer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 4.382,27 € segundo a factura F/2022/509 que figura no expediente, en concepto de servizo de operación e mantemento da rede de datos do Concello de Santiago de Compostela correspondente ao mes de xaneiro de 2022.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

**12. INFORMÁTICA. Referencia: UTE TELEFONICA.**

**Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por UTE D TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU TELEFÓNICA MOVILES ESPAÑA correspondente aos meses de xaneiro e febreiro de 2022.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, disponer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 26.054,96 euros, segundo se detalla nas relacións contables de facturas S/2022/23 expedidas por “UTE D TELEFONICA DE ESPAÑA SAU TELEFONICA MOVILES ESPAÑA, por importe total de 13.027,48 euros, e que comeza pola número F/2022/941 por importe de 11.718,91 euros e finaliza pola número F/2022/960 por importe de 1.308,57 euros, e relación contable de facturas S/2022/32

expedida por “UTE D TELEFONICA DE ESPAÑA SAU TELEFONICA MOVILES ESPAÑA SAU”, por importe total de 13.027,48 €, e que comeza pola número F/2022/492 por importe de 1.308,57 euros e finaliza pola número F/2022/493 por importe de 11.718,91 euros, en concepto de servizo corporativo de telecomunicacións (telefonía fixa, telefonía móbil, comunicación de datos e servizos adicionais) e servizo de centro de atención usuario (cau) correspondente aos meses de xaneiro e ebreiro de 2022.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

### **13. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00017750Y.**

**Autorización inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Execución do proxecto da obra de "Reforma do viario A Pajuela - Campo da festa de Marrozos (fase II)”.**

Autorízase o inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Execución do proxecto da obra de "Reforma do viario A Pajuela - Campo da festa de Marrozos (fase II)”, nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

### **14. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00041519Q.**

**Autorización inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Obras de reparación e consolidación da Ponte de Vidán. POS + 2019”.**

Autorízase o inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Obras de reparación e consolidación da Ponte de Vidán. POS + 2019”, nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

### **15. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/52.**

**Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varias empresa en concepto de mantemento e reparación de ascensores nas diferentes dependencias municipais correspondentes aos meses de xaneiro e febreiro do ano 2022.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de NOVECIENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS (972,96 €) que comeza pola factura número F/2022/455 por importe de 390,50 euros emitida pola empresa SCHINDLER, S.A. e remata pola número F/2022/912 por importe de 166,48 euros emitida por KONE ELEVADORES, S.A.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

### **16. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/1292.**

**Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura emitida por “Recambios Santiagueses, S.L.” en concepto de material de recambios para o Parque Móbil do Concello de Santiago de Compostela correspondente ao mes de febreiro de 2022.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL DOUSCENTOS SESENTA E UN EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (1.261,04 €) segundo factura F/2022/1292 que se achega no expediente, emitida pola empresa Recambios Santiagueses, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

**17. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/76.**

**Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varias empresa en concepto de mantemento e reparación de ascensores nas diferentes dependencias municipais correspondentes aos meses de xaneiro e febreiro do ano 2022.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de NOVENTA E OITO EUROS CON NOVENTA E UN CÉNTIMOS (98,91 €) segundo relación contable de facturas S/2022/76 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2022/793 por importe de 73,92 euros emitida pola empresa ORONA S.COOP. e remata pola número F/2022/896 por importe de 24,99 euros emitida por SCHINDLER, S.A.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

**18. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/31.**

**Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varias empresa en concepto de mantemento e reparación de ascensores nas diferentes dependencias municipais correspondentes aos meses de xaneiro e febreiro do ano 2022.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (1.554,35 €) que comeza pola factura número F/2022/453 por importe de 24,99 euros emitida pola empresa SCHINDLER, S.A. e remata pola número F/2022/836 por importe de 131,01 euros emitida por SCHINDLER, S.A.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

**19. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/28.**

**Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas pola empresa Los Ángeles Gas, S.L. en concepto de subministración de gas natural e de gasóleo para as distintas dependencias municipais correspondentes aos meses de xaneiro e febreiro do ano 2022.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CINCO MIL SETECENTOS SESENTA EUROS (5.760,00 €), segundo relación contable de facturas S/2022/28 que se achega no expediente, emitidas pola empresa LOS ÁNGELES GAS, S.L., que comeza pola núm. F/2021/333 por importe de 1.365,00 euros, e remata pola núm. F/2022/829 por importe de 1.485,00 euros.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

**20. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/203022/.**

**Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varias empresas en concepto de mantemento dos sistemas de seguridade, extintores e alarmas das distintas dependencias municipais correspondentes ao período que abrangue desde o 14 de xaneiro ao 1 de febreiro do ano 2022.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DOUS MIL NOVENTA EUROS CON VINTE E NOVE CÉNTIMOS (2.090,29 €) segundo relación contable de facturas S/2022/30 que se achega no expediente, e que comeza pola factura numero F/2022/291 por importe de 96,80 euros, emitida pola empresa SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1, S.L., e remata

pola factura número F/2022/756 por importe de 163,96 euros, expedida pola empresa COMERCIAL EXTINTORES GALICIA, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

#### **21. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2021/00048446C.**

**Aprobación definitiva da subvención solicitada por C.PP. Bispo Diego Peláez 3 correspondente a convocatoria de subvencións de data 19 de outubro de 2018, relativas ás Fases 7 (remanente de convocatoria 2016) e 8 do area de rehabilitación integral do barrio de Vista Alegre.**

Acórdase:

**1. Aprobar definitivamente a subvención e recoñecer a obriga de pagamento en favor da interesada, con cargo á aplicación orzamentaria 050 15220 7800000/2022, polo importe xustificado seguinte: 122.974,20 euros.**

A cantidade anterior distribuírase entre 17 perceptores comuneiros que teñen acreditada a totalidade dos requisitos esixidos aos beneficiarios, en base a cota de participación de cada un deles.

**2. Anular as operacións contables polo importe relacionados de -7.226,22 (Proxecto de gasto 2018/VISAL/8) correspondentes a aplicación orzamentaria 050 15220 7800000/2022.**

**3. Remitir o presente acordo, xunto co expediente completo, aos Servizos Económicos Municipais para que, tras as necesarias comprobacións, o órgano competente ordene, se así o considera, o pagamento da obriga recoñecida no punto 1 deste acordo.**

#### **22. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: Formalización de dúas prazas de aparcamento de motos na Avda. de Ferrol.**

**Formalización de dúas prazas de aparcamento para motos na Avda. de Ferrol.**

Acórdase adicar dúas prazas da zona de aparcamento no réxime da ORA, ó final da Avda de Ferrol, para aparcamento gratuito de motocicletas.

#### **23. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: Aprobación do orzamento de transporte urbano 2022.**

**Aprobación do orzamento do transporte urbano, ano 2022.**

De conformidade co establecido no artigo 32 do Prego de Condicións, capítulo V, Réxime Económico do Contrato, para adxudicación en réxime de xestión interesada do contrato de xestión do transporte colectivo urbano de viaxeiros da cidade de Santiago e tendo en conta a súa vixencia, en virtude do acordo da continuidade na prestación do servizo da Xunta de Goberno Local de 7 de febreiro de 2022, a vista do informe emitido pola entidade TUSSA xerente municipal do servizo, propónse, á Xunta de Goberno Local, que adopte os seguintes acordos:

**PRIMEIRO.- Aprobar o orzamento do transporte urbano de viaxeiros para o ano 2022, segundo datos sinalados no informe de TUSSA transcrito neste acordo.**

**SEGUNDO.- Aprobar, en base a elo, o importe da compensación anual a percibir pola entidade operadora do servizo UTE TRAPSA-ALUSA, segundo o orzamento, é de 5.126.146,85 €.**

Tendo en conta que a entidade recibirá, segundo cláusulas contractuais, ás que remite o acordo de continuidade do servizo, mensualmente a doceava parte do 90% da compensación anual autorizada, o Concello de Santiago lle deberá aboar 4.613.532,17 €, en once pagos de 384.461,01 € cada un e un pago de 384.461,06 €.

**24. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00019193L.**

**Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: ESCUELA DE TIEMPO LIBRE DON BOSCO.**

Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: ESCUELA DE TIEMPO LIBRE DON BOSCO pola contía de **5.000,00 €** e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800016, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

**25. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00018888J.**

**Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: FUNDACIÓN DOWN COMPOSTELA.**

Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: FUNDACIÓN DOWN COMPOSTELA pola contía de **10.000,00 €** e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800019, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

**26. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00018280A.**

**Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: FUNDACIÓN ANDREA DE APOYO A LOS NIÑOS CON ENFERMEDADES DE LARGA DURACIÓN, CRÓNICAS O TERMINALES.**

Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: FUNDACIÓN ANDREA DE APOYO A LOS NIÑOS CON ENFERMEDADES DE LARGA DURACIÓN, CRÓNICAS O TERMINALES pola contía de **3.000,00 €** e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800018, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

**27. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00017525F.**

**Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: ILUSTRE COLEGIO DE ABOGADOS DE SANTIAGO.**

Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: ILUSTRE COLEGIO DE ABOGADOS DE SANTIAGO pola contía de **2.000,00 €** e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800022, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

**28. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00017420V.**

**Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO pola contía de 23.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800021, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).**

Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO pola contía de **23.000,00 €** e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800021, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

**29. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00025722Q.**

**Adhesión Programa específico promoción reciclaxe – SOGAMA.**

Acórdase:

PRIMEIRO: Formalizar a adhesión do Concello de Santiago de Compostela ao Programa específico de promoción da reciclaxe a través da planta de compostaxe promovida pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a través da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. (Sogama) (DOG 16/01/2018). As condicións da adhesión son as establecidas na Resolución de 19 de decembro de 2017 pola que se establecen as condicións para a adhesión dos concellos ao Programa específico de promoción da reciclaxe mediante a posta en marcha e a xestión dunha planta de compostaxe promovida pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a través da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. (Sogama).

SEGUNDO: Diferir o acordo sobre o compromiso de gasto derivado da formalización da adhesión a un momento posterior que coincidirá coa entrega efectiva dos FORSU na planta de compostaxe de SOGAMA, toda vez que o cálculo do mesmo depende da cantidade de residuos desta fracción achegados. Existe crédito para facer fronte a este gasto na partida orzamentaria 020 16220 2270000.

**30. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: Convalidación omisión función interventora xestión traslado restos á foxa común do Cemiterio Municipal de Boisaca no mes de xaneiro 2022.**

**Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda coa empresa “Funeraria Tanatorio Apóstol Santiago, S.L.” correspondente á xestión de traslado de restos á foxa común do Cemiterio Municipal de Boisaca no mes de xaneiro de 2022.**

Acórdase:

1. Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados da xestión do traslado de restos á foxa común correspondente aos expedientes de caducidade do dereito funerario, por importe de 443,76 euros.
2. Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de catrocentos cuarenta e tres euros con setenta e seis céntimos (443,76) a favor de “Funeraria Tanatorio Apóstol Santiago, S.L.”, imputándose á aplicación orzamentaria 2022/020/16400/2279900 do orzamento vixente.
3. Dispoñer a continuación das prestacións cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar este prexuízo.

**31. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: Convalidación omisión función interventora servizo cemiterio mes de xaneiro 2022.**

**Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda coa empresa “Funeraria Tanatorio Apóstol Santiago, S.L.” correspondente á realización do servizo de conservación e mantemento do Cemiterio Municipal de Boisaca no mes de xaneiro de 2022.**

Acórdase:

1. Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados da realización do servizo de conservación e mantemento do Cemiterio Municipal de Boisaca correspondente ao mes de xaneiro de 2022, por importe de 11.797,50 euros.
2. Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de once mil setecentos noventa e sete con cincuenta céntimos (11.797,50) a favor de “Funeraria Tanatorio Apóstol Santiago, S.L.”, imputándose á aplicación orzamentaria 2022/020/16400/2270000. do orzamento vixente.
3. Dispoñer a continuación das prestacións cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar este prexuízo.



### **32. EDUCACIÓN. Referencia: 2022/00019797W.**

**Aprobación do procedemento de admisión, matrícula e exención de prezos públicos para os nenos e nenas refuxiados ucráinos nos servizos de comedor e de madrugadores na rede de centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Santiago de Compostela para o curso 2021-2022.**

Acórdase:

PRIMEIRO: Aprobar o procedemento de admisión, matrícula para os nenos e nenas refuxiados ucráinos nos *Servizos de Comedor e Madrugadores na rede de centros públicos de educación infantil e primaria do concello de Santiago de Compostela para o curso 2021-2022 (CON 39/2019)*, detallados nesta proposta.

SEGUNDO: Aprobar a exención de pago dos prezos públicos vixentes, recollidos no acordo da Xunta de Goberno Local de 23 de decembro de 2019, para o alumnado refuxiado ucráino escolarizado nos CEIP nos que o Concello de Santiago de Compostela presta os servizos de madrugador e comedor, nas condicións establecidas nesta proposta. Os gastos derivados desta esención serán por conta do concello de Santiago con cargo á aplicación 080 32601 2279900. En cando a admisión do alumnado ucráino, será automática unha vez recibida a solicitude por parte do centro.

### **33. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: 2022/00019054H.**

**Validación das actuacións levadas a cabo polo Servizo de Recursos Humanos e Avaliación con omisión de fiscalización previa, anteriores á proposta de resolución de nomeamento de Luis Carballa Gómez, Manuel David González Castro e José Alfonso Álvarez Camiño como persoal funcionario da policía local do Concello de Santiago de Compostela.**

Acórdase validar as actuacións levadas a cabo polo Servizo de Recursos Humanos e Avaliación con omisión de fiscalización previa, anteriores á proposta de resolución de nomeamento das tres persoas citadas, como persoal funcionario da policía local do Concello de Santiago de Compostela, prazas encadradas na escala de Administración especial, subescala de servizos especiais, clase escala básica, categoría policía, subgrupo C1, co carácter de funcionarios de carreira, con efectos administrativos e económicos do día da toma de posesión.

### **34. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00028052T.**

**Dación de conta da sentenza recaída no AP 4063/2022 do PO 408/2020 CA1.**

Dase conta da sentenza 196/2022, do T.S.X. de Galicia con/ad sec.2

Procedemento: Recurso de apelación 4063/2022 ( Procedemento ordinario 408/2020)

Apelante: Vilasfer Santiago S.L.

Obxecto: Sentenza nº 341/2021 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela ditada no procedemento ordinario 408/2020, favorable ao concello.

Contía: Indeterminada

A sentenza é FAVORABLE aos intereses municipais pois desestima o recurso e confirma na súa integridade a sentenza recorrida. A sección segunda da sala do contencioso administrativo do TSXG entende que o alcance das sentenzas invocadas de contrario non supuxo nin a nulidade completa do proxecto de reparcelación, nin a do proxecto de urbanización, afectando só de xeito parcial a determinados gastos e conceptos, distintos e alleos aos gastos e conceptos polos que se xira a liquidación impugnada. Engade que dita anulación parcial non dispensa aos propietarios da obriga de contribuir aos gastos de urbanización non anulados. Tampouco admite a referencia xenérica a pronunciamentos xudiciais sen especificar, como se fai no recurso de apelación. No que atinxe á impugnación indirecta do plan de sectorización indica que a admisibilidade de dita impugnación esixe que o fundamento do acto recorrido sexa precisamente, a nulidade por cuestións de natureza substantiva, dado que a xurisprudencia non admite a invocación de defectos puramente formais. Sendo ademáis preciso que o vicio que afecte á disposición xeral afecte do mesmo modo ao acto de aplicación da dita disposición. Neste particular refire que a apelante non concreta cal é o vicio substantivo do plan de sectorización, nin tampouco que o acto

recorrido sexa aplicación directa do plan de sectorización. A seguir reproduce determinados fundamentos da recente sentenza desa mesma sala e sección do 2.03.2022 Rec 4278/2021 referida a outra liquidación de cotas do SUNP 37.3 Costa Vella. Indica a continuación que a mera alusión a unha posibilidade de modificación do plan de sectorización non pode entenderse como un vicio de

nulidade. Finalmente non considera xustificada que a cuestión do nó de enlace da N 550 afecte á liquidación impugnada, xa que, ao tratarse de anulacións parciais, non queda acreditado de modo ningún que os gastos polos que se xira a liquidación se correspondan con obras inviables ou con proxectos ou plans non aproveitables.

Contra dita sentenza cabe interpoñer recurso de casación ante a Sala Terceira do Tribunal Supremo ou ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza, sempre que se acredite interese casacional.

Impóñense as custas á parte apelante, co límite máximo de 1.000 euros, por todos os conceptos.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Departamento de planeamento para os efectos do seu coñecemento.

### **35. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00028028E.**

#### **Dación de conta da sentenza recaída no recurso de apelación 4329/2021 do TSXG (PO 216-2019 CA2).**

Dase conta da sentenza nº 109/2022

Obxecto: Decreto do 26.12.2018 polo que se ordena a execución forzosa do Decreto do 04.05.2018, polo que se ordenaba a derruba do peche executado en lugar de Reborido nº 8, ao ter as obras executadas a consideración de ilegais e non legalizables.

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en casación.

A demandante non discutía o Decreto do 04.05.2018, senón a efectiva e completa, ou non, execución do ordenado nesta resolución. Neste senso, a Sala considera que o razoamento da sentenza de instancia, que desestima a demanda, é “débil” e sen exclusión da “dúbida razoable”.

Entrando no fondo, a Sala conclúe que, á vista dos informes e fotografías da policía urbanística, non houbo unha completa execución do ordenado: *“No debemos olvidar que la cuestión litigiosa no es como bien apunta la administración municipal la legalidad o ilegalidad de un cierre sino si se ha cumplido o no la ejecución de la orden de demolición y la consecuente imposición de multas coercitivas; por ello lo que debe justificar la parte es que cumplió la orden de ejecución forzosa, es evidente que la alegación efectuada en su recurso del cumplimiento fue oportunamente desacreditada por el informe de la policía urbanística de 2019.*

*Respecto al cumplimiento ya hemos indicado que se considera por esta sección y Sala que no se ha cumplido la orden de demolición de fecha 4 de mayo de 2018 al ocuparse un espacio que el PXOM destina a vial, que en principio en visita de policía urbanística de fecha 21 de junio de 2018 era piezas de hormigón de considerable tamaño.”*

Cómpre sinalar que a Sentenza do TSX analiza –non o fixo así o Xulgado unha cuestión que non fora presentada na demanda nin na contestación municipal, pero que foi introducida polo letrado da Xunta de Galicia:

*“Si la superficie de suelo afectada por la obligación de cesión únicamente son 8 m2 de los 16 m2 que aproximadamente tiene el terreno que nos ocupa, ¿por qué el Concello de Santiago ampara sus resoluciones en la supuesta obligación de cesión de la totalidad de esa superficie? Es evidente que el Concello de Santiago de Compostela, en un afán de impedir que la actora pueda hacer cualquier uso del terreno de su propiedad, dicta sus resoluciones amparándose en supuestas circunstancias que queda demostrado que no son ciertas, lo que convierte dichas resoluciones en ineficaces.”*

Este motivo, alegado en apelación pola interesada, é desestimado:

*“resulta irrelevante a los efectos del examen en el presente procedimiento al no ser objeto de contradicción sobre su alcance ni tan siquiera una alegación sobre una petición concreta de demanda o alegato en la fundamentación jurídica de la misma, señalar además que no es una alegación de refutación tampoco una alegación complementaria o de refuerzo (...) en todo caso tampoco se acredita que las obras realizadas y que impiden el cumplimiento de la orden de demolición no estén en ese espacio de ocho metros”.*

En definitiva, o recurso de apelación é desestimado integramente, con imposición de custas á recorrente.

Contra esta resolución cabía interpoñer recurso de casación. Por dilixencia de ordenación, do 20 de maio, confírmase a súa firmeza.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para o seu coñecemento.

### **36. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00028026C.**

#### **Dación de conta da sentenza recaída na apelación AP 4055/2022 do PO 10/2020 CA1.**

Dase conta da sentenza nº 206/2022

AP 4055/2022 TSX, PO 010/2020 CA1

Demandante: PROCESOS EDIFICATORIOS S.A.

Obxecto: resolución do convenio para o desenvolvemento do SUNP 38 por incumprimento municipal. Responsabilidade contractual derivada. Responsabilidade patrimonial pola frustración das expectativas. Contía: 2.015.681,76 euros.

A sentenza é parcialmente favorable para o Concello, recorrible en casación.

O xulgado viña de desestimar todas as pretensións deducidas na demanda. Pola súa parte, o TSX confirma todos os seus pronunciamentos, agás o relativo á devolución das cantidades recadadas en concepto de IBI.

Con respecto á resolución do convenio de 2002, ao tratarse dunha petición que non constaba no escrito de demanda –si no de conclusións-, o TSX acolle a tese municipal: non forma parte do obxecto do proceso e, polo tanto, non pode pronunciarse sobre dita cuestión. Por conseguinte, e sendo preceptiva a resolución do convenio para esixir calquera cantidade en concepto de responsabilidade contractual, tamén desestima esta pretensión.

En relación coa responsabilidade patrimonial, en xeral a Sala considera que non están acreditados os requisitos para a súa estimación. Por unha banda, tanto o informe pericial de parte coma o xudicial limitáanse a aplicar unha fórmula de amortización –ou capitalización simple- para calcular o rendemento que as parcelas terían no suposto de terse desenvolvido o polígono. Sen embargo a Sala, tamén acollendo a tese municipal, responde que ditas “expectativas” non están avaliadas por un estudo de mercado que as xustifique. Pola outra, o perito de parte non foi quen de identificar se estabamos ante un dano emerxente ou un lucro cesante, distinción fundamental á hora de reclamar. A Sala, finalmente, si estima o recurso no relativo ao IBI. Recoñece que a sentenza de instancia segue un “criterio xudicial uniforme”; pero tamén que existen sentenzas que avalan a reclamación dos recibos improcedentes pola vía da reclamación de responsabilidade patrimonial: o Concello xíraos cando é perfecto coñecedor da desconformidade entre o estado real das parcelas e a súa clasificación urbanística e catastral; polo que existe un funcionamento anormal da Administración, e un prexuízo económico que a interesada non ten o deber xurídico de soportar. Por conseguinte, a Sala ordena o reintegro das cantidades, pero unha vez compensadas coas liquidacións procedentes como rústicas.

A xuízo de quen subscribe, este mandato non é executable:

a. A propia Sentenza 206/2022 fai referencia a unha sentenza do mesmo TSX que reclasificou as parcelas a rústicas. En puridade, trátase dun Auto da Sección 3ª (tributos) de extensión de efectos ás parcelas da recorrente, que ordena ao Catastro a súa reclasificación con efectos do 2016. Dende este punto de vista, podería existir unha contradición entre dito Auto –que ademais é aportado pola propia interesada- e o ordenado na Sentenza, sen pronunciamento sobre a mesma nos seus fundamentos.

b. Para poder liquidar os recibos como rústica, é necesario que Catastro fixe o valor catastral das parcelas. A fixación do valor nin é competencia nin pode facelo o Concello. Se a Sentenza 206/2022 ordena devolver os recibos de urbana dende o 2012, previa compensación cos recibos de rústica dende o mesmo ano, o Concello non pode xiralos, non pode compensar, porque non existen valores catastrais entre o 2012 e o 2015, polo que o Concello non podería cumprir o ordenado.

Nestes termos, faise necesario presentar un complemento ou aclaración da sentenza, ou mesmo instar un incidente de non execución parcial por razóns legais.

Contra esta sentenza cabe a presentación de recurso de casación. Por esta parte, o recurso só sería con respecto a estimación da pretensión relativa ao IBI que, como vimos, aínda que excepcional, está acollida pola xurisprudencia. Polo que pode deducirse unha probable non admisión da casación polo Tribunal Supremo.

Sen embargo, como quedou dito existen dúbidas sobre a “executabilidade” da sentenza, ao non existir valores catastrais rústicos para os exercicios controvertidos (2012-2015). Polo que recomendaríase non recorrer a sentenza e, unha vez firme, presentar incidente de non execución.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Ordenar a non interposición de recurso de casación.
3. Presentar incidente de execución no relativo á devolución do IBI, unha vez sexa confirmada a firmeza da sentenza.

**37. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00029246K.**

**Dación de conta de sentenzas recaídas nos procedementos PO 21/2020, 26/2020, 46/2020 e 51/2020 do CA2.**

Dase conta das citadas sentenzas.

Obxecto: resolución do convenio para o desenvolvemento do SUNP 38 por incumprimento municipal. Responsabilidade patrimonial pola frustración das expectativas.

As sentenzas son favorables para o Concello, recorribles en apelación.

Os demandantes, titulares de parcelas no SUNP-38, viñan de reclamar responsabilidade patrimonial polos prexuízos causados pola suspensión-abandono do desenvolvemento urbanístico do citado polígono, con incumprimento municipal do convenio urbanístico. Ao que engaden a impugnación indirecta do Plan de sectorización.

Nestas sentenzas, o Xulgado do CA2 fai súas as consideracións xurídicas recollidas na Sentencia desestimatoria ditada polo mesmo órgano xudicial no PO 193/2020; así como as ditadas polo Xulgado do CA1 nos PO 10/2020, 12/2020, 33/2020, 37/2020 e 41/2020, todas elas tamén desestimatorias. Lembremos que destas 5, só a Sentenza do PO 10/2020 foi obxecto de apelación, estimándose parcialmente o recurso só no relativo á reclamación polos recibos de IBI xirados.

Deste xeito, nas Sentenzas nº 131, 132, 135 e 136/2022 o CA2 transcribe primeiro os fundamentos xurídicos 4º a 11º da Sentenza do PO 193/2020; e logo os fundamentos 2º a 6º da Sentenza do PO 10/2020, e 7º da Sentenza do PO 41/2020, para concluír o seguinte:

1. Que non pode esixirse responsabilidade contractual alegando incumprimento do convenio, sen a previa resolución do mesmo.
2. Que a reclamación de responsabilidade patrimonial non e vía axeitada para a impugnación indirecta do Plan de sectorización nin para esixir a devolución dos recibos de IBI.
3. Que a indemnización que se pretende responde a meras expectativas e non a dereitos patrimonializados.
4. Con respecto ás cotas de urbanización, na medida na que o proceso está suspendido pero non abandonado, non poden cualificarse de gasto inútil ou improcedente, polo que non procede a súa devolución.
5. Que os métodos empregados polos peritos, tanto de parte como xudicial, para “acreditar” un dano económico, no son válidos para o presente caso.

E rematan desestimando os recursos, coa imposición de costas aos demandantes.

As sentenzas decláranse susceptibles de recurso, ao ser a contía en todas elas superior a 30.000 euros. Sen embargo:

a. Das sentenzas ditadas polo CA1, baixo a mesma dirección letrada que estas catro, só foi recorrida a ditada no PO 10/2020, co resultado exposto.

b. Por unidade de criterio, en caso de ser recorridas a Sala aplicaríase os mesmos razoamentos que na AP 4055, polo que só estimaría o recurso no relativo ao IBI.

c. Pero podemos ler nestas catro sentenzas o seguinte: *“Posteriormente, la parte demandante excluyó de su reclamación el importe del IBI antes mencionado”*.

É dicir, desaparece como obxecto do proceso, polo que non podería recorrer por este concepto.

d. Ademais, para acceder á apelación é necesario que o concepto específico – non a contía conxunta do proceso- sexa superior a 30.000 euros, contía que non acada o IBI destes catro PO.

En definitiva, o único motivo polo que as sentenzas poderían ser recorridas non acadaría a contía mínima esixida pola Lei para acceder á apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento das sentenzas.
2. Agardar pola súa firmeza.
3. En caso de ser recorridas, formular oposición á apelación.

4. Remitir ao Servizo de Planeamento e Xestión para o seu coñecemento.

**38. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2022/00029023M.**

**Dación de conta das resolución da Alcaldía de das Concellarías Delegadas.**

Tómase coñecemento das resolución ditadas pola Alcaldía e as Concellerías Delegadas entre o 27 de maio e o 2 de xuño de 2022.